

ACTA Nº 2016/11

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 28 DE XULLO DE 2016 -

No día de hoxe ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG

ADELINA CES QUINTANS

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

RAQUEL GARCIA ABUIN

TOBIAS BETANZOS REGO

PP

MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

ELISA BOUZAS VICENTE

ADELA BECERRA MAYO

PSOE

MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

MARTIN COMOJO VICENTE

SON-RIANXO EN COMÚN

ANTONIO CASTRO CASTRO

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

PP

MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

CELSA MARIA MIGUENS PEREZ

SECRETARIO:

PATRICIA SANCHEZ CASTELO

INTERVENTORA:

PATRICIA FERNANDEZ PEREZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

APROBACIÓN DE ACTAS

1. - APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVERON LUGAR 28/04/2016, ACTA Nº 6/2016; 26/05/2016, ACTA Nº 7/2016; 30/05/2016, ACTA Nº 8/2016; 29/06/2016, ACTA Nº 10/2016; 30/06/2016, ACTA Nº 9/2016

DACIÓNS DE CONTA

2. - DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

3. - PROPOSTA DE RENUNCIA DA CONCELLEIRA CELSA M^a MIGUÉNS PÉREZ ASUNTOS DA C.I. DE ECONOMÍA, FACENDA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

4. - APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL, E LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCICIO DO 2016.

MOCIÓNS

5. - MOCIÓN PARA DAR APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155

6. - ROGOS E PREGUNTAS

PROPOSTAS ORDINARIAS

APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVERON LUGAR 28/04/2016, ACTA Nº 6/2016: 26/05/2016, ACTA Nº 7/2016; 30/05/2016, ACTA Nº 8/2016; 29/06/2016, ACTA Nº 10/2016; 30/06/2016, ACTA Nº 9/2016

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 6/2016 de 28/04/2016.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por unanimidade dos presentes adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/04/2016, Acta 6/2016 coas modificacións que se reflexa na acta nº 9/2016 de 30/06/2016.

SEGUNDO. INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 7/2016 de 26/05/2016.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por unanimidade dos presentes adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/05/2016, Acta 7/2016 coas modificacións que se reflexa na acta nº 9/2016 de 30/06/2016..

SEGUNDO. INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 8/2016 de 30/05/2016.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por unanimidades dos presentes adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/05/2016, Acta 8/2016.

SEGUNDO. INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 10/2016 de 29/06/2016.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por unanimidade dos presentes adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/06/2016, Acta 10/2016.

SEGUNDO. INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

- **A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 9/2016 de 30/06/2016.**

M^a Carmen Figueiras Ares fai unha observación na acta nº9/ 2016 non se reflexa que o seu grupo no punto cinco manifestou que todo patrimonio debe pagar IBI e non estar exento .

A continuación vótase o asunto.

O pleno por unanimidade adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/06/2016, Acta 9/2016 coas observacións da concelleira do M^a Carmen Figueiras Ares .

SEGUNDO. INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/06/2016 ata o 30/06/2016, que comprenden os números 226/2016 ao 291/2016, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

-- Acta Nº 11 da Sesión ordinaria do día 13/06/2016

-- Acta Nº 12 da Sesión ordinaria do día 27/06/2016

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

PROPOSTA RENUNCIA CELSA M: MIGUENS PÉREZ

O 04/07/2016 tivo entrada no concello o escrito de renuncia do concelleiro Don A CELSA MARIA MIGUENS PÉREZ (PP) con DNI 53482333 L ao dito cargo (RE 3891 do 04/07/2016).

A renuncia é un acto bilateral que só se perfecciona coa recepción da Administración que ten que asumila; que mentres isto non sucede pode ser revogada e deixada sen efecto polo renunciante mesmo, e que a renuncia terá efectos dende a toma de coñecemento que faga o Pleno do Concello; e que unha vez feita a renuncia e aceptada polo Pleno do Concello, o cargo de concelleiro pérdese, sen que resulte admisible o reingreso á

Corporación, a non ser que existise unha causa de nulidade (acordo da Xunta Electoral Central do 23/06/1988).

Posteriormente solicitarase da Xunta Electoral competente a expedición da credencial a favor do candidato o, no seu caso, suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo a súa orde de colocación (artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral xeral).

A Instrución do 10/07/2003, da Xunta Electoral Central, sobre a substitución de cargos representativos locais (BOE núm. 171, do 18/07/2003), cando se presente un escrito de renuncia ou se produza o pasamento ou outro suposto de perda do cargo de concelleiro, alcalde pedáneo ou conselleiro comarcal ou doutro cargo representativo local, o Pleno da entidade local do que forme parte tomará coñecemento dela, remitindo certificación do acordo que se adopte á Xunta Electoral de Zona, durante o seu período de mandato, en orden ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central, unha vez concluídos o mandato daquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto pola Lei orgánica do réxime electoral xeral, indicando o nome da persoa coa que, ao xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante.

A remisión do dito acordo da toma de coñecemento da renuncia terá que realizarse á Xunta Electoral Central xa que, conforme ao artigo 15.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o mandato da Xunta Electoral de Zona concluíu aos cen días dende que as eleccións locais tiveron lugar.

O prazo no que teña que ter lugar a sesión plenaria para a toma de coñecemento da renuncia, aquela ten que ser dentro dos dez primeiros días naturais seguintes á presentación do escrito de renuncia (Instrución da Xunta Electoral Central no seu apartado primeiro punto catro).

Conforme ao que dispón o artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; nos artigos 15.2, 19.1.l) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente a Instrución da Xunta Electoral Central do 10/07/2003, sobre substitución de cargos representativos locais, esta Alcaldía propón ao Pleno que adopte este acordo:

PRIMEIRO.

TOMAR COÑECEMENTO da renuncia ao cargo de concelleiro deste concello de Dona CELSA MARIA MIGUÉNS PÉREZ (PP) con DNI 53482333 L

SEGUNDO

REMITIRLLE unha certificación deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa da condición de electos a favor do candidato que corresponda, facendo constar que, a xuízo da corporación, correspóndelle cubrir a vacante a D. Adrian Vidal Iglesias número 8 da candidatura presentada no Concello de Rianxo polo Partido Popular nas eleccións municipais de 2015.

Sometida a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, resulta APROBADA por unanimidade dos 15 membros presentes.

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL, E LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCICIO DO 2016.

Por parte da Alcaldía e da Intervención Municipal finalizouse o proceso de elaboración do orzamento para o exercicio 2016 e completouse o expediente

A Intervención Municipal emitiu o 19/07/2016 o informe ao orzamento así como o informe de avaliación do cumprimento polo orzamento definitivo dos obxectivos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Hoxe, 22/07/2016 celebrouse a Mesa de Negociación do Persoal do Concello de Rianxo, na que se trataron os seguintes asuntos: a creación do posto de traballo de funcionario conserxe e a modificación do complemento específico do posto de traballo de funcionario arquitecto.

En relación á creación do posto de traballo de conserxe fanse as seguintes consideracións:

Dentro do cadro de persoal dos funcionarios existen 3 prazas de conserxe, que se corresponden cos postos de traballo de conserxes en colexios públicos municipais. Dentro da organización municipal precísase doutro posto de traballo adscrito aos Servizos Xerais que desempeñe este tipo de funcións:

- Tarefas de vixilancia e custodia interior de oficinas
- Recibir, conservar e distribuír os documentos, obxectos e correspondencia que se lle encomende
- Practicar notificacións
- Atención ao público presencial e telefónica
- Manexo de máquinas reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, encadernadoras e outras análogas
- Outras propias das de conserxe/porteiro que se lle encomenden pola xefatura de persoal

As ditas funcións non se levaron a cabo mediante un único posto de traballo, senón que se prestaron por diferentes traballadores, dun modo transitorio e, no caso das notificacións, por un oficial da Policía, xubilado neste ano. De aí a proposta de creación deste posto de traballo neste momento, que pretende centralizar este tipo de tarefas, que son tan necesarias para que a actividade administrativa funcione con fluidez.

Non se pode afirmar que a necesidade de levar a cabo estes traballos naza agora, pero na busca dunha maior eficacia e eficiencia vese que é indispensable eliminar a transitoriedade no desempeño destas funcións. O mellor modo de facelo é mediante a creación dunha praza e posto axeitados, de aí a súa natureza funcional, xa que este tipo de tarefas teñen un carácter meirandamente administrativo.

No caso da modificación do complemento específico do arquitecto, aínda que este tipo de cuestións retributivas deben tratarse de modo global na elaboración da relación dos postos de traballo, considérase conveniente abordar este tema agora. Así, a cobertura desta praza non se pode dilatar, xa que está próxima a xubilación do arquitecto técnico e é preciso regularizar as funcións que agora se están realizando mediante un contrato de

servizos. Por iso, antes de convocar a cobertura da praza considérase o máis oportuno corrixir en certa medida o seu complemento específico, que era máis baixo co do arquitecto técnico. Todo elo, sen prexuízo de que volva a valorarse na futura RPT.

Esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Aprobar inicialmente o orzamento do Concello de Rianxo para o exercicio de 2016, do que o resumo por capítulos é o que se detalla:

Estado de gastos:

CAP	CI
1	2.505.574,07
2	3.240.342,46
3	15.000,00
4	187.986,01
6	1.777.836,61
8	2.000,00
9	580.000,00
Total	8.308.739,15

Estado de ingresos:

CAP	PI
1	2.368.288,16
2	15.507,48
3	1.490.203,35
4	2.899.500,75
5	300,00
7	660.574,52
8	2.000,00
9	872.364,89
Total	8.308.739,15

SEGUNDO

Dar conta do informe de avaliación do cumprimento dos obxectivos da LOEOSF e aprobar

o límite de gasto non financeiro por 9.032.863,74 €, de acordo co seu artigo 30. Este límite máximo ten en conta os gastos financiados coas subvencións previstas no orzamento. No caso de que, como consecuencia da concesión de novas subvencións durante o exercicio e, incremento do gasto financeiro, só computarase a achega municipal, xa que o gasto financiado con subvención non supón un incumprimento da regra de gasto.

O informe de avaliación do cumprimento dos obxectivos da LOEOSF deberá remitírselle á Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais da Consellería de Facenda nun prazo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento polo Pleno, na súa calidade de órgano de tutela financeira.

TERCEIRO

Aprobar inicialmente o Cadro de persoal do Concello de Rianxo do ano 2016:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
<i>ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL</i>				
Nº	Denominación	Grupo	C.D.	Titularidade/ Situación administrativa
1	Secretaria	A1	28	1 Vacante ocupada nomeamento provisional
1	Interventora	A1	28	1 ocupada pola titular da praza
1	Tesoureira	A1	28	1 ocupada pola titular da praza
<i>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL</i>				
a) Subescala Técnica:				
1	Técnico Administración Xeral	A2	26	1 Vacante non ocupada
b) Subescala de auxiliares:				
2	Auxiliares administrativos	C2	18	2 ocupadas polos titulares das prazas
1	Administrativo (reservada a segunda actividade Policía Local)	C1	18	1 ocupada por Policía Local en segunda actividade
1	Axente Recadador	C2	18	1 Vacante ocupada por Func. Interino.
c) Subescala subalterna:				
1	Conserxe	Agrup. Prof.	14	1 Vacante non ocupada
<i>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</i>				
a) Subescala Técnica:				
1	Arquitecto	A1	26	1 Vacante non ocupada
1	Arquitecto técnico	A2	26	1 ocupada polo titular da praza
b) Subescala de servizos especiais:				
1	Inspector	A2	22	1 ocupada polo titular da praza
2	Oficial Policía (1 reservada a segunda actividade)	C1	18	2 vacantes non ocupadas
8	Policías Municipais	C1	18	6 ocupadas polos titulares das prazas 1 ocupada en CS 1 ocupada (adscripción provisional)

3	Conserxes	Agrup.Pr of.	14	3 ocupadas polos titulares das prazas
1	Operario de Servizos Varredor	Agrup.Pr of.	14	1 ocupada polo titular da praza
PERSOAL LABORAL FIXO				
Nº	Denominación	Categoría	Tipo	Observacións
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL (SAX)				
(SAX)Unidade de servizos xerais de secretaría.				
1	Administrativo Oficinas	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 01)
(SAX) Unidade de atención ó público, rexistro e padrón.				
1	Auxiliar administrativo	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 02)
(SAX) Servizo de informática				
1	Técnico superior de Informática (enxeñeiro inform)	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 03)
(SAX) Unidade de persoal e desenvolvemento local				
1	Técnico local de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	I	Fixo	Vacante(PEEPR nº 05)
DEPARTAMENTO DE URBANISMO (DU)				
1	Auxiliar administrativo	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 06)
DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (DOSB)				
1	Operarios servizos múltiples-oficinas	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 04)
1	Mecánico	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 08)
1	Soldador- condutor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 09)
1	Operario Cemiterio e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 10)
(DOSB) unidade de parques e xardíns.				
1	Operario parques e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 11)
(DOSB) unidade de mantemento e limpeza de bens municipais				
2	Operarias limpeza	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 12,13)
5	Operarias limpeza	V	Fixo, T.Par c.	Vacante (PEEPR nº 14,16,17, 18,19)
(DOSB) unidade de obras				
1	Encargado Obras e Servizos Básicos	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 20)
DEPARTAMENTO DE DEPORTES (DD)				
2	Animadores Deportivos (Técnico-monitor e animador deportivo)	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 22 e 23)
1	Operario (apoio pavillóns)	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 24)
1	Conserxe Pavillón	V	Fixo	Vacante(PEEPR nº 25)
DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE (DXU)				
(DXU) unidade de dinamización xuvenil				
1	Responsable oficina información	III	Fixo	Vacante(PEEPR nº 26)

	xuvenil (Técnico Información Xuvenil)			
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CULTURA (DEC)				
1	Técnico Animador cultura- auxiliar ASC	IV	Fixo	Propiedade
(DEC) unidade de biblioteca				
1	Auxiliar Biblioteca	IV	Fixo	Vacante (PEEPR nº 27)
(DEC) Unidade de educación de adultos				
1	Mestre Educación Adultos	II	Fixo, T.Par C.	Vacante(PEEPR nº 28)
1	Mestre auxiliar Educación Adultos	III	Fixo, T.Par C.	Vacante(PEEPR nº 29)
DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE (DBSI)				
1	Técnico Medio de Servizos Sociais	II	Fixo	Vacante (PEEPR nº 30)
(DBSI) unidade de atención primaria				
2	Auxiliar axuda no Fogar	V	Fixo, T. Parc	Vacante(PEEPR nº 31,32)
(DBSI) unidade de atención psicopedagóxica				
1	Pedagogo	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 33)
1	Monitor Manualidades	IV	Fixo, T.Par C.	Vacante(PEEPR nº 34)
DEPARTAMENTO DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE				
1	Educador ambiental e turístico	II	Fixo	Vacante PEEPR nº 35)
1	Técnico Medio de Actividades	II	Fixo	Vacante(PEEPR nº 36)
OUTRO PERSOAL LABORAL				
Nº	Denominación obra ou servizo- en condición de:	Categoría		
2	Condutores	V		
1	Oficial 1ª	V		
4	Auxiliar axuda no Fogar	V		
1	Conductor Ambulancia	V		
1	Auxiliar Admtvo Servizos Sociais	IV		
1	Axente Auxiliar de Desenv. Local	II		
2	Auxiliares Recadación	IV		
2	Animador Cultural	II		
1	Administrativo Obras	III		
1	Auxiliar administrativo (Oficinas Xerais)	IV		
1	Bedel Biblioteca	V		
3	Peóns Xardinería	V		
1	Carpinteiro	V		

1	Fontaneiro	V		
1	Auxiliar Oficinas Intervención (Tec. Informática Xestión)	III		
1	Tco. Licenc. Empresariais Intervención	I		
1	Animador Deportivo	III		
1	Peón Carpinteiro	V		
1	Educadora Familiar	II		
1	Traballadora Social	II		
2	Auxiliares de Policía	IV		
POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO				
1	Arquitecto ARI	I		
1	Auxiliar administrativo ARI	IV		

CUARTO

Crear o posto de traballo de conserxe funcionario coas seguintes características:

Denominación: Conserxe

Subgrupo: Agrupación profesional (E)

Nivel: 14

Complemento específico (14 anualidades): 4.556,16 €

Funcións:

- Tarefas de vixilancia e custodia interior de oficinas
- Recibir, conservar e distribuír os documentos, obxectos e correspondencia que se lle encomenden
- Practicar notificacións
- Atención ao público presencial e telefónica
- Manexo de máquinas reprodutoras, multcopistas, fotocopiadoras, encadernadoras e outras análogas
- Outras propias das de conserxe/porteiro que se lle encomenden pola xefatura de persoal

QUINTO

Aprobar a modificación do complemento específico do posto de traballo de funcionario arquitecto, fixándose en 8.493,87 € anuais (14 mensualidades)

SEXTO

Expoñer ao público polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación no BOP o orzamento e o cadro de persoal, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. A exposición pública deberá anunciarse no BOP, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello.

SÉTIMO

No suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial do orzamento e do cadro de persoal, estes consideraranse definitivamente aprobados, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación da aprobación definitiva do resumo por capítulos do Orzamento e do Cadro de persoal no BOP, de acordo cos artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

OITAVO

Coa entrada en vigor do orzamento deberán anularse os expedientes de modificación orzamentarias seguintes:

- Transferencias de crédito 5, 6, 7, 9, 11, 12, 15, 16 e 17/2016
- Xeracións de crédito 9 e 13/2016
- Todas aquelas modificacións que se realicen antes da vixencia do orzamento e estean incluídas nas previsións iniciais.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 22/07/2016, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- ADOLFO MUIÑOS pasa a expoñer a memoria de alcaldía dos orzamentos, expoñendo que estes orzamentos son 1000.000 euros superiores os do ano anterior, son froito na liña de orzamentos de prudencia e non de especulación, estes anos os orzamentos viñan lastrados por devolver os créditos ,agora que se acabou de pagar os créditos, comeza un novo momento de cambio políticas de investimentos, a débeda viva e moito menor e pasamos dun 8% en investimentos a 21 % este ano. Nestes orzamentos non se puido incorporar os 150.000 € de liquidación positiva da participación de tributos do estado porque se tivo coñecemento estes días .

Nestes momentos estamos solicitando subvencións nas que o concello a achega municipal supón un 20 % estes anos non era asumible .

En materia de emprego: No servizo de limpeza viaria creáronse 3 postos mais de emprego. Solicitouse unha escola taller o que suporá 20 persoas durante 6 meses aprendendo un oficio. As brigadas de incendios e de mantemento das instalacións de verán, socorristas, turismo.

Estes orzamentos tamén supoñen importantes novidades en materia sociais: en dependencia dotase crédito suficiente para atender a todas as persoas e non teñan agardar lista de espera.

Ampliase o convenio Sáhara, para adiantar os fondos das billetes de avión .

En benestar animal desparasitaráanse os gatos .

En materia de educación: adquirírase un piano para o auditorio. Dentro dos servizos rural dado que a xunta de Galicia négase a inverter nas escolas do rural o Concello prevé 500.000 euros para o arranxo destas instalacións para que as familias se asentem no rural

- CONCELLEIRO DE FACENDA TOBÍAS BETANZOS REGO pasa a expoñer o orzamento como un documento complexo no que se agradece o servizo de intervención a súa dispoñibilidade que hai un cambio importante, sabemos que hai indicadores a mellorables estabilidade orzamentaria ,regra de gasto pero que procede dun desaxuste polo programa aforro enerxético que se imputa a esta anualidade, outros indicadores son positivos como o remanente de tesourería, estanse facendo esforzos en mellora o prazo de pago a provedores que é arredor de 30 días. Estes orzamentos son coherentes, suficientes e supoñen dinamización económica .Toda investimento susténtase nunha previsión de ingresos e esta basease nunha previsión técnica de ingresos do ano pasado. En materia de gastos está pendente de execución 5.000.000€ aínda que a metade do ano queda moito por executar. O concelleiro acaba concluíndo estes orzamentos responden a necesidade de colaborar na dinamización económica, pídese o apoio a estes orzamentos, o grupo de goberno esa aberto a todas as suxerencias e melloras agradecemos a atención e actitude comprensiva .

ANTON CASTRO CASTRO voceiro de Rianxo en Común expón que agradecen a amortización de débeda, pero non entende como se trae tan tarde a aprobación dos orzamentos, a política económica e transcendente e prioritaria para nos este debería ser o gran debate, este debate debería facerse hai 6 meses. Os documentos de carácter económico son farragosos e difíciles de estudar a memoria debería ser mais explicativa. Nese 1000.000,00 € que se incrementa os orzamentos 500.000,00€ son prestamos, en gastos correntes respecto do ano pasado faltan 200.000 € polo que so incrementamos en 300.000€. En relación coas subvencións non se sabe porque a uns clubs se lle adxudica un importe e a outros outro. Non se di nada sobre os xoves. Estamos ante uns orzamentos sen alma, nun proceso tardío e deslabazado e non os apoiamos .

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES voceira do PSOE estamos ante o debate máis importante do pleno e cando xa vai mais de seis meses de exercicio, hai partidas que xa poucas cousas se poden facer, o noso grupo non se vai opoñer, creemos que Rianxo debe ter aprobado xa un orzamento, antes de facer o gasto debe haber proposta e así non habería que recaer nos continuos recoñecementos extraxudiciais. Debe empezarse ca elaboración dos orzamentos do ao 2017 e para que o un de xaneiro entren en vigor.

ADELA BECERRA MAYO concelleira do PP expón que son orzamentos que se trataron de consensuar cos grupos políticos que son participativos agradecer a boa vontade do concelleiro o noso grupo vai votar a favor.

ADELINA CES QUINTANS voceira do BNG somos coñecedores que os orzamento se presentan a aprobar moi tarde, por problemas burocráticos como lles pasou a outros moitos concellos da bisbarra. Son os primeiros que sacamos adiante en solitario, son abertos e participativos. Unha vez amortizada a débeda o momento de facer inversión municipal que tratan de reactivar o traballo en empresas da comarca, aspiramos a que dinamicen o emprego. O concello de Rianxo pretende dar facilidades a que a xente se asente no noso pobo, poidan estudar e vivir comodamente, agradecemos os apoios recibidos.

A continuación o alcalde, toma a palabra procedendo contestarlle as distintas intervencións

dos portavoces, o voceiro do Rianxo en común solicita a palabra despois dunha e larga exposición e conclúe a mesma expoñendo que están de acordo cos orzamentos nun 80% pero quere deixar claro que non hai alma nos mesmos o Alcalde sente que non vote a favor se está de acordo co 80%, celebramos que se aumenten as inversións en especial nas escolas do rural dos distintos grupos e somete a votación as proposta de aprobación dos orzamentos .

Sométese a votación a proposta co seguinte resultado Votos a favor: 6 BNG e 3 PP; Votos en contra: 2 Rianxo en Común-SON; Abstencións: 4 PSdeG-PSOE polo que o pleno aproba a proposta nos termos desta

Interventora auséntase as 9:50

MOCIÓN PARA DAR APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155

A continuación o Sr Alcalde da a palabra ao portavoz da plataforma que pasa a expoñer a moción

“A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013. Neste accidente no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145 é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita Plataforma constituíse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza en sentido amplo, esixindo tamén responsabilidades políticas, polos feitos que rodearon ao mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, e por iso é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puidesen derivarse de devandito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e as responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas e nun exercicio de responsabilidade é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, situarnos do seu lado dándolles o noso apoio expreso.

A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das autoridades e unha incomprensible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta moción non pódemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero a través do consenso entre todos os partidos políticos con representación no noso Concello nun acto de responsabilidade e compromiso contribuímos a recoñecer a dignificar ás vítimas e familiares do accidente do accidente ferroviario Alvia 04155.

Por todo o anterior, os grupos da Corporación Municipal, presentan para o seu debate e posterior aprobación en pleno a seguinte MOCIÓN

- 1.- Dar apoio expreso á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155
- 2.- Que o Concello de Rianxo reciba á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.
- 3.- Solicitar ao Goberno da Nación que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.
- 4.- Solicitar ao futuro Goberno da Nación a apertura dunha comisión de investigacións en sé parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.”

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Portavoz de Rianxo en Común-SON; apoiamos a moción despois destes días a UE recoñecese que os técnicos non eran independentes

Portavoz do PSOE expón apoian as persoas afectadas por este incidente

Portavoz do PP: o PP de Rianxo quere mostrar a súa solidariedade coas familias das vítimas pero queremos introducir unha emenda

Portavoz do BNG : tamén apoiamos e queremos que isto non volva a suceder

Portavoz de Vítimas: Nos gustaría apoiaran esta moción no se puede crecer a costa de la seguridad, no se puede crecer a costa de los ciudadanos

Unha vez rematada as intervención sometese a proposta a votación e esta é aprobada por unanimidade dos presentes

MOCIÓN DE URXENCIA

Deciden non introducir ningunha moción de urxencia

ROGOS E PREGUNTAS

- Voceiro de Rianxo en Común :

Teño unhas preguntas e mais un rogo

¿Cando se espera que entre en funcionamento a depuradora do polígono?

¿A alcantarilla que hai xunto a perruquería de abanea e é moi molesto? solicitamos arranxe

respecto das mocións atrasadas ¿Por qué non se leva a cabo as retransmisión do pleno en Directo na TV

- Voceira do PSOE M^a Carmen :

Gustaríame recordar que en abril requirimos se desbrozasen os paraxes para tomar o sol xunto o mar, e non se faga so nas praias mais coñecidas .

Temos que sinalar que os xardíns están mal coidados, creo que Rianxo esta sucio e descoidado, o espello segue roto en Quintáns .

¿como esta o pintado da pista das Aldeas de Arriba ?

-Concelleira do PP Adela :

Temos varios rogos, numerosas pistas do Concello atópanse en moi mal estado: pista de Santa Lucia, carretera da Igrexa, campo da Igrexa, carretera do Auditorio en Taragoña o parque infantil .

En Bures e Asados non houbo alumeado publico estes días .

En Isorna se se pode limpar o lavadoiro de Quintáns

En Fonte Sestelo donde hai escaleiras estase derrumbando, saen as pedras .

Hai carteis abandonados de rexeneración das aves

- Alcaldía toma a palabra expoñendo: A Depuradora non está funcionando, hai derivación directa a depuradora de Rianxo porque sería un luxo funcionase unha depuradora para tan poucos usuarios se algún día se instalara unha empresa que o requirise poñeríase en funcionamento.

Non comparte que Rianxo este sucio nin descoidado, na medida do posible ampliouse o equipo de limpeza das rúas, e o persoal do concello fai labor importante de mantemento aínda que as veces non se pode chegar a todos os sitios o mesmo tempo.

Respecto do arranxo das rúas algunha como a do Auditorio é de Portos de Galicia e o concello non ten competencia.

Diante da Igrexa de Santa Lucia tampouco ese espazo é municipal e da Igrexa non se sabe se é pista deportiva, parque infantil .

Hai equipos de limpeza de praias limpando os areais, temos que ter paciencia non poden limpar todos os días zoas que non son as mais concurridas, e moi difícil chegar con auga a todas as praias porque non chega a rede de abastecemento municipal e os veciños da zoa prefiren seguir con traídas privadas.

Referente o arranxo de moitas pistas están a sacarse a licitación moitas a través dos plans provinciais de PAS, PAI, POS, arranxaranse numerosos pistas como as de Santa Lucia, Isorna

Respecto o pintado da pista está hasta Campelo.

En Bures trasladaremos a estrada e carreteras.

O Alcalde dálle a palabra o público para rogos e preguntas :

-Un veciño toma a palabra expoñendo que hai 20 anos o concello aprobou unha ordenanza de animais domésticos, polo que os cans non poden disfrutar das praias.

No ano 2003 prohibiuse que os animais perigosos puidesen ir as praias, incluso en decembro se multa por levar un can a praia.

Rogamos que se habiliten zoas e horas para que se poidan levar os cans as praias propoñemos que se habiliten praias como as do Porrón e Quenxo para que poidan levarse de 9:30 da noite a 10 da mañá cans a praia. A esas horas as praias quedan desertas e así os animais poden disfrutar dos areais e do mar sen causar molestias. Procedese a ler un escrito dun alegato do ano 1888. O Veciño expón este rogo solicita o pleno que os grupos políticos dean a súa opinión .

O Alcalde expón que nestes últimos catro anos non ten constancia de que se púxese ningunha multa cos cans por parte do Concello e cree que se pode estudar a proposta.

Voceiro de Rianxo en Común: trouxemos dúas veces unha proposta neste sentido e podería ser razoable ter espazos concretos

Voceira do PSOE: En Vilagarcía tamén teñen praias concretas e o tema dos horarios pode estar ben.

Voceira do PP: moita xente dispón de cans e podería regularse non prohibindo en todas as praias

Voceira do BNG: non fai falta regulación, son propietaria dun can, o que temos poñer de acordo e cal e á praia e as horas .

Alcaldía: Estudaranse polo tanto as ordenanzas e propoñeremos a franxa horaria e os areais que poderían ser todos.

Ás 10:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Rianxo, venres 26 de agosto de 2016

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez